



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONCERTO SOCIAL

Artigo 10.2.a) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXECUCIÓN DO “PROGRAMA ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR”, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027

A. Necesidade do concerto social e da concorrencia das circunstancias que fagan necesario acudir á convocatoria dun concerto social.

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumida segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Esta Dirección Xeral ten previsto formalizar mediante procedemento de asignación de concerto social, o programa arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data de formalización do concerto ata o 29/02/2028, coa previsión de que entre en funcionamento o 01/03/2024 e con posibilidade de prórrogas ata o 31/12/2029, sempre e cando exista crédito apropiado e suficiente.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude, considera prioritario promover e potenciar a atención axeitada dos nenos/as nas súas familias. A dita atención forma parte do presente “Programa Espazos de Preservación Familiar” nas





comarcas do Salnés, O Barbanza e Ferrol, e que terá como obxectivo a atención e tratamento a nenos/as e familias nas que se dean situacións de risco. A finalidade do programa será reconducir a dinámica familiar para evitar a adopción dunha medida de protección por parte dos servizos sociais especializados da Entidade Pública de protección á infancia e á adolescencia da Comunidade Autónoma Galega. En todo caso contarase coa colaboración da entidade local competente na prestación de servizos comunitarios básicos, que derivará ao programa e seguirá a evolución da familia.

O artigo 2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece que este tipo de relación xurídica se pode establecer entre a Administración xeral autonómica e aquelas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen.

A intervención familiar está prevista no Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. En concreto, o punto 2.4.3. do Anexo desta norma refírese ao "servizo de intervención e atención integral de menores e as súas familias" conxunto de intervencións técnico-profesionais destinado á redución daqueles factores de risco que poñen en perigo ou impiden a convivencia do neno, nena ou adolescente coa súa familia. O obxectivo xeral do servizo é xerar cambios nas circunstancias das persoas menores e da súa familia, promovendo e optimizando todos os recursos protectores da familia e da comunidade en que vive a persoa menor, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral de nenos, nenas e adolescentes e a cobertura das súas necesidades básicas por parte das súas persoas proxenitoras.

Neste sentido nos últimos anos desenvolveuse a través de convenio de colaboración o programa de espazos de preservación familiar pola Fundación Meniños e a Asociación Arela nas comarcas do Salnés, O Barbanza e Ferrol, que presentaba como obxectivos:

O obxectivo xeral coas familias participantes no Programa consiste en potenciar os recursos e corrixir os déficits existentes nestas, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e a cobertura das necesidades básicas por parte dos pais e nais.

Son obxectivos específicos:





- Contribuír, a nivel teórico, á adquisición dun coñecemento máis preciso das situacións socio-familiares dos NNA en situación de desprotección leve e/ou moderada e das estratexias de prevención máis axeitadas para cada caso.
- Traballar na procura da mellora do sistema de protección á infancia con dificultades sociais.
- Mitigar os factores de risco, para evitar a separación do/a NNA e da súa familia.
- Capacitar á familia para dar unha correcta atención aos seus/súas fillos/as evitando calquera conduta negligente ou de maltrato, garantindo a súa seguridade e a súa integridade básica.
- Conseguir que a familia funcione de maneira autónoma e adecuada, e os/as NNA teñan unha atención e coidados acordes ás súas necesidades.
- Proporcionar ás familias as habilidades e/ou recursos técnicos necesarios para superar a situación de crise que deu lugar á medida protectora.
- Mellorar a calidade das relacións familiares: relación conxugal, paterno-filial e fraternal.
- Reforzar a capacidade da familia para enfrontarse de maneira eficaz aos problemas e ao manexo das situacións de estrés.
- Reforzar na familia, e especificamente nos/as pais/nais, tutores/as, referentes, a súa capacidade de cambio.
- Implicar aos/as pais/nais, referentes, ao/a NNA, a outros membros da familia (cando se valore coma necesario), e ás redes/servizos/profesionais relacionados co caso, no deseño e o desenvolvemento do plan de intervención.
- Favorecer e potenciar a autonomía nos/as NNA, mediante o desenvolvemento de competencias que favorecerán a súa futura emancipación.
- Dinamizar, coordinar e reforzar os sistemas formais e informais de apoio que a familia dispón ou dos que pode dispoñer na súa contorna.





- Identificar e facer conscientes aos/as pais/nais, referentes dos factores que motivaron a aparición da situación de risco ou desprotección.
- Axudar á familia a reducir o impacto da crise e/ou estabilizar a súa situación. Reducir o nivel de estrés familiar de xeito adecuado e reducir o impacto e número dos factores estresores que lles afectan.
- Promover a intervención e resolución de dificultades relacionais entre os pais/nais, referentes que lles dificultan ou impiden exercer adecuadamente o seu rol parental.
- Reforzar o “escudo” comunitario, evitando cronicidade das situacións, e a entrada no sistema de protección.

Para lograr os ditos obxectivos intervírase nas seguintes áreas:

- Intervención psicosocial
- Orientación vocacional para a inserción social e laboral
- Asesoramento para a promoción de hábitos de vida saudables
- Educación familiar
- Intervención terapéutica
- Asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios na atención aos nenos, nenas e adolescentes e ás súas familias

O contido desta actuación está plenamente xustificado, toda vez que a Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil, e da Lei de Axuizamento Civil, establece que as intervencións da Entidade Pública de Protección á Infancia e á Adolescencia deben dirixirse, de ser posible polas circunstancias particulares de cada caso, ao mantemento das nenas e nenos nas súas familias (artigo 11.2.b) ou á reintegración familiar (artigo 19).

Neste sentido, e co obxecto de incrementar a transparencia e concorrência na prestación dos servizos sociais, considérase necesario iniciar o procedemento de asignación de concerto social ao que se refire esta memoria. A finalidade deste procedemento será asignar un programa de espazos de preservación familiar coas mesmas características





que se viña realizando ata o de agora á entidade que presente a mellor oferta técnica, segundo o baremo que se detalla neste documento.

O emprego da figura do concerto social está xustificado na incorporación desta figura á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, como mecanismo que permite á Administración impulsar as súas relacións coas entidades prestadoras deste tipo de servizos e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Esta modalidade está xustificada pola Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, na que se lle recoñece aos Estados membros e aos poderes públicos a capacidade de organizaren os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que no dito sistema se garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. En termos semellantes se expresa a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, toda vez que a través dela se traspón ao ordenamento xurídico español a dita directiva.

Ademais, o emprego do concerto social neste caso axústase ao disposto no Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu artigo 2 indica que se poderá empregar esta figura coas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen. As actuacións de preservación familiar están previstas no Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia. En concreto, o punto 2.4.3. do Anexo desta norma refírese ao "Servizo de intervención e atención integral de menores e as súas familias".

Por último o recurso á figura do concerto social asegura a concorrência e transparencia esixida pola Comisión Europea.

Este Programa de Espazos de Preservación Familiar estará cofinanciado pola Unión Europea nunha porcentaxe do 60% no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, dentro do obxectivo político 4 "Unha Europa máis social e inclusiva por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais", prioridade 7 "Garantía infantil", obxectivo específico ESO4.11. Mellorar a igualdade e a oportunidade do acceso a uns servizos de calidade, sustentables e alcanzables, incluídos os servizos que propicien o acceso á vivenda e uns coidados centrados nas persoas, especialmente a sanidade; modernizar os sistemas de





protección social, especialmente o fomento do acceso á protección social, cunha atención particular aos nenos e os colectivos desfavorecidos; mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e de dependencia e medida 7.K.02 "Programa de Integración e Preservación Familiar".

Por tanto, será de aplicación a seguinte normativa específica:

Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados.

Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. 1296/2013.

Normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2021-2027.

B. Modalidade do concerto social

A modalidade de concertación que se empregará consiste no procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

C. Idoneidade do concerto social

A carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, definida no Decreto 192/2015, establece un servizo de intervención e atención integral de menores e as súas familias. Este servizo defínese como o conxunto de intervencións técnico-profesionais destinado á redución daqueles factores de risco que poñen en perigo ou impiden a convivencia do neno, nena ou adolescente coa súa familia.





O obxectivo xeral do servizo é xerar cambios nas circunstancias das persoas menores e da súa familia, promovendo e optimizando todos os recursos protectores da familia e da comunidade en que vive a persoa menor, de xeito que se garanta o desenvolvemento integral de nenos/nenas e adolescentes e a cobertura das súas necesidades básicas por parte das súas persoas proxenitoras.

O concerto social trátase dun novo mecanismo que permite impulsar a relación da Consellería de Política Social e Xuventude coas entidades prestadoras de servizos sociais e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Á súa vez, incorpora na provisión dos servizos sociais os principios de atención personalizada e integral, o que supón un modelo acaído para a atención da infancia e adolescencia en situación de desprotección.

É por isto que se considera idóneo este mecanismo do concerto social para levar a cabo a execución do programa de espazos de preservación familiar.

D. Xustificación dos criterios e requisitos establecidos

1. Criterios de selección e preferencia

1.1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrência e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Cando non se dean análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, ou en ausencia de entidades de iniciativa social, a Administración poderá concertar co resto de entidades prestadoras de servizos sociais.

1.2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

a) Calidade do proxecto técnico (40 puntos), baremado de acordo cos seguintes criterios:

a.1) Proxecto de intervención coas familias e neno, nenas e adolescentes, ata 25 puntos,





tendo en conta a coherencia entre as distintas problemáticas e necesidades atendidas e os obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades propostos, segundo os seguintes criterios:

- Descrición das necesidades e características das familias e nenos, nenas e adolescentes, beneficiarias deste programa – ata 3 puntos
- Definición da estrutura e fases da intervención-fases de derivación (incluírase un protocolo que describa a inclusión de persoas usuarias no programa), elaboración do plan de preservación familiar, intervención, seguimento e finalización – ata 7 puntos
- Desenvolvemento da intervención que se aplicará en función das características e necesidades das nenas, nenos, adolescentes e as súas familias e persoas coidadoras – ata 7 puntos
- Grao de participación dos/as NNA e as súas familias, na elaboración do Plan de Perservación Familiar – ata 3 puntos
- Sustento teórico, estratexias e ferramentas a través das cales se articulará o programa – ata 5 puntos

a.2) Organización e funcionamento dos Espazos de Preservación Familiar, ata 10 puntos, tendo en conta a coherencia entre a organización, composición, funcionamento e coordinación cos principios e criterios contidos no modelo de intervención adoptado, no programa de preservación familiar:

- Modelos de coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios e co resto de axentes sociais e entidades que interveñan no caso – ata 3 puntos
- Estrutura organizativa: organización dos espazos de preservación familiar, composición, perfil profesional, xornada, funcións – ata 3 puntos
- Formación continua do persoal: Adecuación de contidos, metodoloxía, recursos empregados respecto aos obxectivos pretendidos e metodoloxía da avaliación da formación ofrecida ao persoal – ata 4 puntos

a.3) Calidade do sistema de avaliación dos resultados da intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes proposto. Valorarase a implantación de certificacións de calidade como UNE 0070:2022 ou equivalente: ata 5 puntos





b) Instalacións nas que se levará a cabo o servizo: ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

b.1) Dimensións, distribución e grao de adecuación dos espazos, así como grao de adecuación dos equipamentos ás actividades que se vaian realizar, incluída a situación xeográfica. Ata 5 puntos.

b.2) Grao de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos e equipamentos, incluída a accesibilidade. Ata 5 puntos.

c) Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade, ata 10 puntos:

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na empresa de políticas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

c.1) Estar en posesión da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, ou equivalente (4 puntos).

c.2) Estar en posesión do Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, ou equivalente (4 puntos).

c.3) Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, outorgado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social xunto coa Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), ou equivalente (2 puntos).

d) Experiencia do persoal asignado ao proxecto, ata 15 puntos. Computarase un punto por cada ano de experiencia do persoal asignado ao proxecto, en materia de preservación e reintegración familiar. Terase en conta tanto a experiencia laboral como persoal técnico en programas ou servizos relacionados directamente co obxecto deste concerto, incluídos os prestados no ámbito dos servizos sociais comunitarios.

En caso de que a entidade acredite a súa solvencia técnica e profesional (liña b.2 da cláusula F desta resolución) a través da experiencia de dous anos da persoa que exerza de de coordinadora e outros dous membros do equipo técnico, este período non se terá en conta para o cómputo neste criterio.





e) Formación do persoal asignado ao proxecto, ata 15 puntos. Valorarase cun punto cada dez horas de formación do persoal en materia de protección á infancia. Neste sentido, terase en conta a participación en congresos ou xornadas, sempre que as certificacións de asistencia se refiran aos dez últimos anos. Para que sexan baremadas, as actividades formativas terán que corresponder a formación regrada e homologada ou ter sido organizadas por entidades autorizadas pola administración a prestar servizos sociais (inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, ou equivalente).

f) Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia, ata 10 puntos. Computarase un punto por cada ano por encima do requisito mínimo para optar ao concerto establecido na letra c) da cláusula F desta resolución (dous anos).

Empregarase como criterio de desempate un número de integrantes do cadro de persoal superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) e o Acordo do Consello da Xunta de 8/4/2010 así como o previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do concerto o licitador que acredite maior porcentaxe de persoal fixo con discapacidade no seu cadro de persoal.

1.3. Todos os criterios incluídos no baremo procuran seleccionar a entidade co mellor proxecto para desenvolver o servizo. Deste xeito téñense en conta todos os aspectos relevantes no servizo, tanto técnicos como de instalacións. Ademais inclúense elementos como consecuencia das obrigas normativas derivadas da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, para fomentar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Tamén se tivo en conta o artigo 13.2 j) do Decreto 229/220, do 17 de decembro, que establece que nos concertos sociais de atención á infancia deberase ter en conta a formación e a experiencia do persoal.

2. Xustificación dos requisitos

Os requisitos que se propoñen para que as entidades poidan participar son os seguintes:

- a) Estar debidamente inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Contar coa solvencia suficiente segundo os seguintes indicadores:





b.1) Solvencia económica e financeira. Acreditarase por un dos seguintes medios:

b.1.1) Volume anual de negocios, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da entidade. Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter un volume de negocios no ámbito da atención á infancia e á adolescencia, referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos, por un importe igual ou superior a 700.000,00 euros.

b.1.2) Un seguro de indemnización de responsabilidade civil por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por un importe igual ou superior aos seguintes valores anuais: 700.000,00 €.

A súa acreditación efectuarase por medio de:

1. Unha declaración responsable asinada polo representante legal do licitador na que se exprese o importe asegurado e a súa vixencia, que deberá ser igual ou superior aos valores anuais indicados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de aportar de ser requirida, un certificado expedido pola aseguradora, na que consten os importes e riscos asegurados e data de vencemento do seguro, así como un documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, no caso en que proceda para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.

b.2) Solvencia técnica e profesional:

Reputarase solvente a entidade concertante que acredite cando menos un dos seguintes requisitos:

- ter un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, que se prestasen a algunha Administración Pública ou entidade privada (contabilizados ata o fin do prazo de presentación de proposicións) cuxos importes acumulados no ano de maior execución sexa igual ou superior 700.000 euros.

- polo menos a persoa que exerza de coordinador/a e outros dous membro do equipo técnico contén, respectivamente en postos de características asimilables, cunha experiencia mínima de dous anos, dentro dos últimos tres, nalgunha empresa ou entidade que á súa vez prestase servizos para unha Administración Pública ou entidade privada, sempre que tanto o servizo prestado, como as tarefas desempeñadas polo persoal, teñan natureza análoga ao obxecto do concerto.

c) Contar con unha experiencia mínima de atención á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

e) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se detallan no apartado K.3 desta resolución (póliza de seguros dos locais e de responsabilidade civil).





g) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como polo tipo de servizo obxecto do concerto social.

Os requisitos esixidos para a subscripción deste concerto adáptanse ao establecido no artigo 6 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro. Polo que respecta á definición da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional tomouse como criterio os baremos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, como normativa supletoria.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

